

LUNS 1, MARTES 2 e Mércores 3 de Xuño de 2020!

5 ANOS

Luns 1 de Xuño

- FICHA 13: entorno la VÍA LÁCTEA.

Comezamos fixándonos na fotografía...que forma ten? Que credes que é? É a Terra? Dende onde estará tomada a fotografía? Podería ir todo o mundo a facela? Que se necesitaría?

Antes de comezar mirade este vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=Nv5gwwkX5k4>

https://www.youtube.com/watch?v=8oyPWLv3_4

Agora xa sabedes o que é o que se ve na fotografía, polo tanto sabes xa que é unha GALAXIA! E como se chama a nosa...así que o que faremos é PINTAR CON PINTURA DE DEDOS BRANCA, a nosa galaxia e, a continuación, debuxar onde se especifica ESTRELAS e PLANETAS! Si te animas escribelles un nome...seguro que sodes moi orixinais!

No REVERSO, deberedes completar a serie de estrelas seguindo as cores indicadas. Xa que tedes espazo, podedes facer un debuxo e colorealo da vosa propia galaxia...como sería?

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Imos propoñer un par de manualidades moi chulas para que vos animeades a facer a vosa propia Vía Láctea.



O primeiro é un vídeo de ART ATTACK, seguro que o coñecedes, e só necesitades PIZARRA OU CARTULINA NEGRA e TIZA BRANCA!

https://www.youtube.com/watch?v=dJ9C_05vIYY

A outra é un pouco máis pringosa pero súper creativa para pasar un ratinho moi divertido!

- **MATERIAIS:**

- Plato fondo, tapper ou bandexa.
- Leite.
- Colorante alimentario.
- Xabón líquido quitagrasas.
- Bastonciños para os oídos.

- **PROCEDEMENTO:**


- Vertemos o leite no recipiente máis grande e un pouco de xabón sobre outro máis pequeno (o resultado será diferente segundo o tipo de leite...podedes probar incluso a facelo con dous tipos diferentes).
- Botamos unhas gotas de colorante de diferentes cores por toda a leite sen que se xunten unhas con outras.
- Mollamos os bastonciños no xabón líquido.
- Achegamos o bastonciño no centro da leite esperando a que caian unhas gotas de xabón e...maxia! Todo comeza a brotar e formarse as cores...
- Agora toca experimentar movendo o bastonciño e mezclando as cores, e incluso botando máis xabón para que se fagan máis burbullas!
- Desfrutade moito!



- **FICHA 14: operaciones LA RESTA.**


A estas alturas xa sabedes o que é restar...polo tanto esta actividade é moi sinxela xa para vos...a quitar estrelas! (no REVERSO tedes que facer tamén as operacións) Pero...agora que as fixeches...Que é o que se observa nas fotografías? Como se chaman estas figuras que fan as estrelas?

Son CONSTELACIÓNS, e chámanse así os debuxos que fan as estrelas no ceo se as unimos...Son moitas estrelas as que posúen un nome, e, a partir delas, os astrónomos formaron grupos que simulaban personaxes, animais, ou obxectos reais, creando conxuntos de estrelas e nomeándoas... Estas son algunhas das máis coñecidas...



A ver se agora sodes capaces de encontrar o nome das seguintes...Inténtao e colorea!!!

LAS CONSTELACIONES




Outra actividade que vos propoño é crear a vosa constelación... é moi fácil.. nunca cartolina negra, ou azul, pega gomets con forma de estrela da maneira que ti queiras...úneas todas con cor branca ou amarela para que brille máis...e...Como se chama a túa constelación? Mandádeme foto ensinándoas!



Nombre _____

Conversa con tus amigos y la maestra sobre las constelaciones.
Libremente, une con líneas algunas estrellas y forma tu propia constelación.
¿Qué nombre te gustaría ponerle? Escríbelo como puedas en el cartel.



Martes 2 de Xuño

- FICHA 15: TAN CERCA TAN LEJOS.

Agora que xa case coñecedes todo o universo, os planetas, as estrelas, constelacións...e sodes todos uns expertos...pensáchedes algunha vez como podemos observar moitos deses fenómenos? Como se chama o instrumento que aparece na ficha?

Efectivamente é un TELESCOPIO, como uns prismáticos xigantes que nos permiten observar o ceo e as estrelas como si estiveran cerca de nós. Pero...para que se vexa ben...explicádelle a mamá ou papá...cando teríamos que utilizar o telescopio? Si o sacamos na cidade pola ventá veríanse as estrelas? E no campo? Inflúen as luces que nos rodean? Polo día que veríamos? Intenta contestar a tódalas cuestións e despois ANALIZA os obxectos que aparecen na ficha...cal está lonxe do telescopio? E cal cerca? Unha vez que os identifiques estampa con pintura de dedos ou cera BRANCA TAN LONXE COMO SEXA POSIBLE, e AMARELA, CERCA, creando un ceo cheo de estrelas.

Podes debuxar tamén un planeta inventado e poñerlle o nome!

- FICHA 16: MÚSICA.

O primeiro que imos facer é escoitar esta canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=FTiRrlgbYIM>

Coñécela? Como te sentes cando soa? Seguramente tan poderos@s que seriades capaz de chegar á Lúa, a que si? Pero non vai facer falta, quedámonos por aquí para coñecer algún instrumento...

Comezamos mirando ós instrumentos que aparecen na ficha...sabedes como se chaman? ESCRIBIDE O NOME DEBAIXO. E agora, por si non vos dades conta, imos escoitar estes pequenos audios...para que saibades como soa cada un:

<https://www.youtube.com/watch?v=b5QOBErpAT8>

https://www.youtube.com/watch?v=zAnC_grsskM

<https://www.youtube.com/watch?v=uS4VWAaSJpg>

https://www.youtube.com/watch?v=Eo9K09Ydw_I

Agora que os identificarías todos, volve a escoitar a audición de STAR WARS e rodea aqueles que recoñezas na melodía. No espazo que se presenta DEBUXA LIBREMENTE O QUE SINTAS CANDO ESCOITAS A MUSICA.

No outro libro, coñecemos que os instrumentos podían ser de corda, vento ou percusión. Rodea ou pega un gomet de cor VERDE, naqueles que o sexan. No REVERSO podes DEBUXAR LIBREMENTE UN INSTRUMENTO QUE QUEIRAS, OU AQUEL QUE MÁIS CHE PARECEU ESCOITAR na audición.

Mércores 3 de Xuño

- FICHA 17: operación espacial JUNTOS/SEPARADOS.

Volvemos a mirar ó ceo...que estará observando CORA? Pero...credes que así poderá observar ben as estrelas? Debuxade un telescopio para axudala a ver as constelación! E agora cóntalle a quen te axude...como están colocadas as estrelas, todas iguais? Efectivamente non, COLOREA de AMARELO as que están XUNTAS e de LARANXA as que están SEPARADAS. Agora CONTA cantas estrelas hai en cada grupo e pon o número...no conxunto que teña menos, DEBUXA UNHA ESTRELA NO CENTRO.

E...por estes tres case estará ben non? Entre fichas é manualidades...eu creo que tedes suficiente ampliando co material da casa! Por certo, se queredes que suba outro libro de LETRILANDIA facédemo saber porque téñoos todos e soamente é mandárvolos por si os queredes utilizar para ler no ordenador ou na tablet xa que non é necesario imprimilos para practicar a lectura!

Moitas gacias e...FORZA PEQUENAS E PEQUENOS... que logo chegan as vacacións!

UNHA APERTA FORTEEEEE